

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 28/04/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. XOSE LOIS LEIRÓS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/04/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de marzo de 2022.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2022.

3. Toma de posesión do cargo de concelleiro por parte de D. Xosé Lois Leirós Gude.

4. Toma de coñecemento das modificacións na representación en órganos colexiados do grupo municipal do Partido Popular de Vilagarcía.

5. Aprobación, se procede, da desestimación da reclamación presentada por D. Antonio González Melón contra a aprobación inicial do orzamento de 2022

6. Aprobación, se procede, da declaración de obra de "Reforma 4ª planta Residencia Divina Pastora", como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO

7. Aprobación provisional, se procede, da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a compra pública de alimentos de proximidade e o fomento da economía circular no Concello de Vilagarcía de Arousa.

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para uns servizos ferroviarios competitivos, eficientes e útiles para as persoas.

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre actuacións de mellora na conservación, mantemento e seguridade na Praia de A Concha-Compostela e na súa contorna

12. Aprobación, se procede, da solicitude do grupo político municipal do PP de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto "Mellora da seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos".

13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

15. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

16. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 31 DE MARZO DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de

tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior de 31 de marzo de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2022: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 1 Aprobación pregos para realización de obras
- 2 Expediente de Modificación de Crédito por xeración de crédito
- 4 Incorporación de remanentes
- 2 Expedientes de xeración de créditos
- 1 Realización tramites para certificado Interventora
- 2 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Envío de vehículos abandonados a centro autorizado de recepción e descontaminación
- 1 Aboamento servizos en domingo e nocturnidade
- 2 Bases de selección prazas promoción interna
- 1 Pago taxa anuncio DOG
- 1 Comunicación Xunta designación Tesoureira Acctal.
- 8 Nomeamento de funcionarios ou funcionarios interinos
- 4 Gratificación substitución posto de categoría superior
- 1 Pagamento Plan de Pensións
- 1 Aprobación Plan Seguridade e Saúde Obras
- 1 Estimatoria Beneficios Fiscais IAE
- 14 Estimatoria/desestimatoria Beneficios fiscais no IVTM
- 7 Estimatoria rateo no IVTM
- 1 Estimatoria Pagos Indevidos
- 1 Estimatoria IAE
- 8 Estimatoria liquidacións e baixas
- 1 Estimatoria compensación de débedas
- 2 Estimatoria IBI
- 5 Estimatoria Recibos
- 38 Estimatoria Taxas e Prezos Públicos
- 5 Estimatoria pagos duplicados
- 23 Estimatoria IIVTNU
- 2 Pago préstamos bancarios
- 2 Recoñecemento obriga Plan de Pensións
- 5 Pagos comisións bancarias
- 11 Pagos diversos Tesourería
- 1 Corrección erro catastral cambio titularidade depuradora
- 1 Arquivo comunicación cambio titularidade actividade
- 4 Comunicación cambio titularidade actividade
- 4 Expediente deber de conservación
- 1 Orde execución limpeza finca
- 2 Orde representación e defensa intereses Concello en procedemento xudicial
- 1 Expte. Reposición da legalidade urbanística
- 1 Licenza instalación terraza con mesas e cadeiras
- 1 Licenza primeira ocupación edificación
- 1 Conformidade a proxecto de execución
- 2 Declaración de ineficacia de comunicación previa
- 13 Licenza de obra maior

1 Renuncia a tramitación de licenza de obras
3 Legalización obras
12 Licenza de obra menor
3 Licenza de segregación
32 Comunicación previa para realización de obras

TOTAL: 242

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO POR PARTE DE D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Xosé Lois Leirós Gude por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ás eleccións Locais de 26 de maio de 2019, en substitución e por renuncia de Dona Lucía Cesar Veloso.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. Leirós Gude xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución.

Procédese a chamar ao Sr. Leirós Gude para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo a seguinte expresión:

PROMETO acatar a Constitución porque así mo impón a Lei.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS MODIFICACIÓNS NA REPRESENTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal do Partido Popular - PP de escrito comunicando a modificación dos representantes do citado grupo nos seguintes órganos:

1º CONSELLO ESCOLAR:

- IES CASTRO ALOBRE: DONA INMACULADA DÍEZ VILLARROYA

- CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL: D.RAUL SANTAMARIA GONZALEZ

6º CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

8º FUNDACIÓN FEXDEGA: DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN

9º CONSELLO LOCAL DE CONSUMO: DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA

10º CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL: DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ

12.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DO ACORDO MARCO E CONVENIO COLECTIVO:

- ACORDO MARCO: DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN

- CONVENIO COLECTIVO. DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

13º.- COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSÍONS: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN

14º MESA DE CONTRATACIÓN:

- Titular: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN

Suplente: D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

15º.- CONSELLO VECIÑAL: D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO

17º COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL: D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

18º.- CONSELLO LOCAL DA MULLER: DONA YOLANDA BÓVEDA DÍZ

19º FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS - FPSDM:

- Titular: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN.

- -Suplente: D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

20º.- XERENCIA DE URBANISMO: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN

21º MESA LOCAL DE COMERCIO. DONA INMACULADA DÍEZ VILLARROYA

22ª CONSELLO LOCAL DA 3ª IDADE: D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

COMISIÓNS INFORMATIVAS:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS:

- DONA INMACULADA DÍEZ VILLARROYA

- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ

- D. RAÚL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE:

- DONA INMACULADA DÍEZ VILLARROYA

- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ

- D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E MOBILIDADE:

- DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN

- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

- DONA INMACULADA DÍEZ VILLARROYA

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E PROMOCIÓN ECONÓMICA:

- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

- D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

- DONA ANA Mª GRANJA GUILLAN

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR D. ANTONIO GONZÁLEZ MELÓN CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO

DE 2022 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL, SE PROCEDE.: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio González Melón de alegacións ao orzamento municipal de 2022.

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral, no que se indica:

INFORME:

En relación coas alegacións formuladas por D. Antonio González Melón, durante o período de exposición ao público do orzamento municipal de 2022 solicitando que se incorpore a figura contractual de oficial soldador co recoñecemento das retribucións que correspondan, infórmase o seguinte:

1. Na relación de postos de traballo que forma parte do orzamento municipal de 2022, elaborada segundo a estrutura prevista no artigo 74 do R.D.L. 5/2015 de 30 de outubro do Texto Refundido do EBEP asemade no artigo 38 da Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, figura o seguinte posto de traballo:

Código	Denominación	C.Destino	C.específico	Grupo (titulación)
453.01/8	Operario soldador	14	25	AP (sen requisito de titulación)

2. A ese posto figura adscrito D. Antonio González Melón, vinculado ao Concello a través dun contrato laboral de interinidade, incluído no Plan Integral de Ordenación dos Recursos Humanos (RRHH) 2009-2013.

3. Na actualidade está previsto que a praza desempeñada por D. Antonio González Melón de operario soldador se engada na Oferta de Emprego Público extraordinaria correspondente ao ano 2022 para a estabilización do emprego temporal de natureza estrutural de acordo co disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

4. Unha vez rematado ese proceso de estabilización do emprego temporal, e polo tanto, adquirida a condición de funcionario, o Concello poderá continuar os procesos de promoción interna (de operario/a oficial) sempre e cando os aspirantes cumpran cos requisitos de titulación, formación etc. que poidan establecerse.

5. O Sr. González Melón presentou a mesma reclamación ante o Xulgado do Social nº 1 de Pontevedra no procedemento 600/2014, sendo desestimada no seu día. Posteriormente presentou recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social de A Coruña, contra a sentenza de 27 de marzo de 2015 do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a sentenza recurrida e desestimou a pretensión do demandante.

Polo exposto, infórmase desfavorablemente á alegación presentada por D. Antonio González Melón, xa que, o posto de traballo a que se refire a reclamación, figura no orzamento municipal de 2022 de acordo coas sentenzas citadas.

A Secretaria Xeral Municipal
Rosa Losada Suárez (asinado electronicamente)

Non habendo intervencións, sométese a votación a alegación presentada por D. Antonio González Melón, co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente a desestimación da alegación.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a desestimación da alegación

presentada por D. Antonio González Melón contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2022.

A seguir sométese a votación a aprobación definitiva do Orzamento Municipal de 2022, co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio 2022.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a alegación presentada pr D. Antonio González Melón, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor da desestimación, dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1),

ACÓRDASE: Por .maioría desestimar a alegación presentada por D. Antonio González Melón contra a aprobación inicial do Orzamento Municipal, en base ao informe emitido pola Secretaria e que figura transcrito no presente acordo.

A seguir polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación definitiva do Orzamento Municipal de 2022, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN: Con doce votos a favor da desestimación, dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), tres abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4) e Vilagarcía en Común (1).

ACÓRDASE Por .maioría:

1.- Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2022 que ascende a 31.502.634,78 euros no Estado de Ingresos e 31.502.634,78 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 850.000,00€.

ORZAMENTO 2022 CONSOLIDADE POR CAPÍTULOS

RESUMO XERAL ORZAMENTO CONSOLIDADO 2022

ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
C AP	DENOM INA CION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A .A .	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		
	A)OP ERACION CORRENTES	28.913.337,91	1.265.515,00	30.178.852,91	1.210.000,00	28.968.852,91
1	Gastos de persoal	12.440.278,70	543.590,00	12.983.868,70	0	12.983.868,70
2	Gastos bens correntes	13.362.817,62	587.515,00	13.950.332,62	0	13.950.332,62
3	Gastos financeiros	30.212,22	50,00	30.262,22	0	30.262,22
4	Transferencias correntes	3.040.029,37	134.360,00	3.174.389,37	1.210.000,00	1.964.389,37
5	Fondo continxencia	40.000,00	0,00	40.000,00		40.000,00
	B)OP ERACIONES DE CAPITAL	1.532.943,81	3.500,00	1.536.443,81	0,00	1.536.443,81
6	Inversións reais	1.437.943,81	3.500,00	1.441.443,81	0,00	1.441.443,81
7	Transferencias de capital	95.000,00	0,00	95.000,00	0,00	95.000,00
	C)OP ERACIONES FINANCIERAS	997.338,06	0,00	997.338,06	0,00	997.338,06
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0	150.000,00
9	Pasivos financeiros	847.338,06	0,00	847.338,06	0	847.338,06
	TOTAL	31.443.619,78	1.269.015,00	32.712.634,78	1.210.000,00	31.502.634,78
ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						

CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A .A .	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		P I	P I	P I		
	A)OP ERACION CORRENTES	30.443.619,78	1.269.015,00	31.712.634,78	1.210.000,00	30.502.634,78
1	Impostos directos	11.237.068,43	0,00	11.237.068,43	0,00	11.237.068,43
2	Impostos indirectos	592.361,26	0,00	592.361,26	0,00	592.361,26
3	Taxas, Prezos Públicos e outros INGRESOS	6.065.029,18	40.010,00	6.105.039,18	0,00	6.105.039,18
4	Transferencias correntes	12.539.471,68	1.229.000,00	13.768.471,68	1.210.000,00	12.558.471,68
5	Ingresos patrimoniais	9.689,23	5,00	9.694,23	0,00	9.694,23
	B)OP ERACIONES DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	C)OP ERACIONES FINANCIERAS	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	850.000,00	0,00	850.000,00	0,00	850.000,00
	TOTAL	31.443.619,78	1.269.015,00	32.712.634,78	1.210.000,00	31.502.634,78

ORZAMENTO 2022 CONSOLIDADO POR ÁREAS DE GASTO

ORZAMENTO CONSOLIDADO POR PROGRAMAS 2022

AG	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	OO.AA.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
0	DÉBEDA PÚBLICA	872.550,28	0,00	872.550,28	0,00	872.550,28
1	SS.PBLCOS. BÁSICOS	12.951.255,82	0,00	12.951.255,82	0,00	12.951.255,82
2	A.PROT. E PROMO SOCIAL	4.892.083,65	0,00	4.892.083,65	0,00	4.892.083,65
3	PROD. BENS. PBLCS CAR. PREF	6.556.846,16	1.269.015,00	7.825.861,16	1.210.000,00	6.615.861,16
4	ACTUACIÓN DE CAR.ECONÓMICO	1.220.049,61	0,00	1.220.049,61	0,00	1.220.049,61
9	ACTUAC. CARÁCT. XERAL	4.950.834,26	0,00	4.950.834,26	0,00	4.950.834,26
	TOTAL	31.443.619,78	1.269.015,00	32.712.634,78	1.210.000,00	31.502.634,78

2.- Aprobar Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2022, que ascende en termos consolidados a 30.502.634,78 €.

VERIFICACIÓN PPIO NIVELACIÓN	
CAP1+2+3+4+9 GASTOS	29.776.190,97
TOTAL INGRESOS CORRENTES	30.502.634,78
TOTAL INGRESOS NON Fº	30.502.634,78
TEITO DE GASTO NON FINACEIRO 2022	30.502.634,78

3.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla), coas súas retribucións para o ano 2022, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas.

4.- Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2022 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

- 1 Praza de Traballador/a Social (Subgrupo A2)
- 1 Praza de Educador/a Social (Subgrupo A2).
- 1 Praza de Técnico Superior Informática (Subgrupo A2)

5.- Aprobar a consignación establecida para este exercicio para a aplicación da aprobación da RPT., que ascende a un 40% para o exercicio 2022. Importe total 470.321,32 € (188.128,53 € = 40%).

6.- Aprobar a consignación establecida para este exercicio para o Plan de Pensións, actualizando o importe cun incremento do 4% (IPC acumulado a decembro de 2021), resultando aportación individual. anual para o ano 2022 de 37,53 €/mes, o que supón un incremento das achegas respecto ao ano 2021 de 4.712,16 €/anuais.

7.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral do ano 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE OBRA DE “REFORMA 4ª PLANTA RESIDENCIA DIVINA PASTORA”, COMO DE ESPECIAL INTERESE, AOS EFECTOS DE APLICAR A BONIFICACIÓN NO ICIO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendos do seguinte teor:

INFORME SOBRE SOLICITUDE DE BONIFICACION NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)

DNA. MARIA CELINA REY DIEGUEZ (76927324Y) e/r FUNDACION ASILO-HOSPITALILLO RESIDENCIA DIVINA PASTORA (G36017929) solicita o 25.03.2019 (Rex. WEB2019001228) a bonificación no ICIO correspondente á obra Reforma funcional parcial da cuarta planta do asilo en Rúa Ramón Piñeiro López nº 11, con fundamento en que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro que ten como finalidade e obxecto da actividade a acollida e coidado dos anciáns, enfermos e desamparados.

Consultada a normativa de aplicación, o art. 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 1.3, reguladora do Imposto sobre construcións e obras dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención os documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra”

A obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo a reforma parcial da cuarta planta da residencia, comprendendo demolición, obras de fontanería, electricidade, illamento etc.

Por Resolución de Alcaldía de data 24.04.2019, aceptouse a comunicación previa da obra de referencia.

Por outra parte, a solicitude de bonificación foi presentada antes do inicio da obra.

O feito de que sexa un inmovible destinado a albergar e coidar a persoas maiores e con dificultades fai que dita obra poda ser considerada de interese social. O que se informa aos efectos oportunos.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada

O XEFE ACCTAL. DA SECCION DE RENDAS

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a declaración de obra de "Reforma 4ª planta Residencia Divina Pastora" como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración de obra de "Reforma 4ª planta Residencia Divina Pastora" como de especial interese, e a bonificación do 50% da cota do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº I.4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO O VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

O Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), é un imposto de exacción potestativa que grava o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e que se atopa regulado no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).

En virtude do seu carácter potestativo, o IIVTNU só poderá esixirse se previamente foi regulado mediante a ordenanza fiscal aprobada por cada municipio.

Tras a Sentenza 182/2021 do Tribunal Constitucional, de 26 de outubro, coa súa declaración de nulidade e inconstitucionalidade do método de determinación da base imponible do IIVTNU, aprobouse o Real Decreto Lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do IIVTNU, que modifica o sistema de determinación da base imponible coa finalidade de axustalo ao principio de capacidade económica e así dar cumprimento ao mandato do Alto Tribunal.

A disposición transitoria única deste RD-Lei 26/2021, de 8 de novembro, dispón que os concellos que teñan establecido este imposto deberán modificar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste, as respectivas ordenanzas fiscais para adecualas ao disposto no mesmo.

Este Concello considera oportuno e necesario modificar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana dada a necesidade de adaptar o seu contido ao novo réxime xurídico do imposto previsto no artigo 107.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, recentemente modificado polo Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal constitucional respecto do IIVTNU, para o que,

PROPOÑO

Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal I.4 reguladora do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana coa seguinte redacción: **ORDENANZA FISCAL Nº I.4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible do imposto, o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.

2.- O título ó que se refire o apartado anterior poderá consistir en:

- a) Contratos de compravenda, doazón, permuta, dación en pagos, transacción.
- b) Sucesión testada e intestada.
Negocio xurídico "mortis causa".

- c) Achegas de terreos e inmobles urbanos a unha sociedade e as adxudicacións ao disolverse.
- d) Alleamento en poxa pública.
- e) Actos de constitución e transmisión de dereitos reais, tales como usufructos, censos, usos e habitación, dereitos de superficie.
- f) Expropiación forzosa.

3.- Está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos de dito Imposto sobre Bens Inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro o no padrón de aquel. Tamén estará suxeito o incremento de valor que experimente o terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

ARTIGO 2.- TERREOS DE NATUREZA URBANA

Terán a consideración de terreos de natureza urbana: o solo urbano, o susceptible de urbanización, o urbanizable programado ou urbanizable non programado dende o momento no que se aprobe un Programa de Actuación Urbanística, os terreos que dispoñan de vías pavimentadas ou ademais de beirarrúas e contan ademais con rede de sumidoiros, subministro de auga potable, subministro de enerxía eléctrica e alumado público; e os ocupados por construcións de natureza urbana.

ARTIGO 3.- SUPOSTOS DE NON SUXECCIÓN

Non está suxeito a este imposto:

1. O incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.
2. As aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pago dela se verifiquen e as transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.
3. As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial.
4. As transmisións de bens inmobles a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas á patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio se levara a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativa traian causa do referido falecemento.
5. Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferiron, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá o devengo do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade en polo menos o 50 por cento do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.

Non se devindicará o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 da devandita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

6. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos

terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, para estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 da Lei reguladora das Facendas Locais..

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

ARTIGO 4.- EXENCIONES OBXECTIVAS

Están exentos deste imposto, os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a) A constitución e transmisión de calquera dereitos de servidume.
- b) As transmisión de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, o foran declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmovibles
- c) As transmisión realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidades que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas as execución hipotecarias xudiciais ou notariais.

ARTIGO 5.- EXENCIONES SUBXECTIVAS

Así mesmo están exentos deste imposto, os incrementos do valor correspondentes cando a obriga de satisfacelo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, ás que pertenza o municipio, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereitos público de análogo carácter a comunidades autónomas e das ditas entidades locais.
- b) O municipio da imposición e demais entidades locais integradas ou nas que se integre dito municipio, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter aos organismo autónomos do Estado.
- c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e mutualidades de previsión social regulada na Lei 30/1955, de 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
- e) As persoas ou entidades a favor das que se recoñecera a exención de Tratados ou Convenios Internacionais.
- f) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.
- g) A Cruz Vermella Española.

ARTIGO 6.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Terán a consideración de suxeitos pasivos deste imposto:

- a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce

limitativos do dominio, a título lucrativo, o adquirente do terreo ou a persoa a favor da que se constituía ou transmite o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, o transmitente do terreo ou a persoa que constituía ou transmite o dereito real de que se trate.

2.- Nos supostos a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmite o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 4 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento do devengo calculado conforme ao establecido no apartado 2 seguinte, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme ao previsto no seu apartado 3.

2.- O valor do terreo no momento do pagamento resultará do establecido nas seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento do devengo será o que teñan determinado no devandito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbiles.

Con todo, cando devandito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflecta modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme aquel. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivera conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxirase aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto, non teña determinado valor catastral no devandito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo devandito valor ao momento do devengo.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidos no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou transmisión do dereito para elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo chan sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidos no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidos no apartado 3 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3.- O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto devandito incremento.

Nos supostos de non suxección, salvo que por lei se indique outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu o anterior pagamento do imposto.

o cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as

fraccións de mes.

O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento de devengo, calculado conforme ao disposto nos apartados anteriores, será o seguinte:

Periodo de xeración	Coeficiente
inferior a 1 ano.	0,14
1 ano.	0,13
2 anos.	0,15
3 anos.	0,16
4 anos.	0,17
5 anos.	0,17
6 anos.	0,16
7 anos.	0,12
8 anos.	0,10
9 anos.	0,09
10 anos.	0,08
11 anos.	0,08
12 anos.	0,08
13 anos.	0,08
14 anos.	0,10
15 anos.	0,12
16 anos.	0,16
17 anos.	0,20
18 anos.	0,26
19 anos.	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

4.- Cando, a instancia do suxeito pasivo, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame seguinte:

O tipo de gravame, en función do período de xeración do incremento de valor, é:

- a) De 0 a 5 anos..... 25 %
- b) Ata 10 anos..... 24 %
- c) Ata 15 anos..... 23 %
- d) Ata 20 anos..... 22 %

ARTIGO 9.- BONIFICACIÓNS NA COTA

Gozarán dunha bonificación do 50 % da cota íntegra do imposto as transmisións da propiedade da vivenda habitual do causante realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, cando o valor catastral de dita vivenda sexa inferior a 50.000 ?. A bonificación será do 25 % nos mesmos supostos, se o valor catastral da vivenda é igual ou superior a 50.000 ? e inferior a 75.000 ?.

Aos efectos do disfrute da bonificación, equipárase aos cónxuxes as relacións análogas de afectividade acreditadas co certificado expedido ao efecto polo rexistro correspondente.

A bonificación só será aplicable aos adquirentes que cumpran os seguintes requisitos:

- teñan a súa vivenda habitual en dita vivenda durante os dous anos anteriores á data do devengo do imposto
- manteñan a adquisición e a residencia habitual durante os 4 anos seguintes ao momento do devengo, salvo caso de falecemento nese prazo.

Enténdese que a residencia habitual é aquela na que consten empadroados os interesados.

De non cumprirse o requisito de permanencia, procederá o ingreso do importe da bonificación

aplicada cos correspondentes xuros de demora. Este extremo deberá comunicarse ao Concello polo interesado dentro do prazo dun mes desde a transmisión da vivenda ou cambio de domicilio.

A bonificación ten carácter rogado e deberá solicitarse polos adquirentes simultaneamente á declaración á que se refire o artigo 17 desta Ordenanza, e nos mesmos prazos previsto en dito artigo. A solicitude noutro momento considerarase extemporánea e non producirá efecto.

ARTIGO 10.- DEVENGO

1.- O imposto devéngase:

a. Cando se transmita a propiedade do terreo, sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b. Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2.- Ós efectos do disposto no apartado anterior considerarase como data da transmisión:

a. Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

b. Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

c. Nas poxas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase a data do Auto ou Providencia aprobando a súa remate.

d. Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación dos terreos.

e. No caso de adxudicación de solares que se efectúen por Entidades urbanísticas a favor de titulares de dereitos ou unidades de aproveitamento distintos dos propietarios orixinariamente aportantes dos terreos, a protocolización da Acta de reparcelamento

ARTIGO 11.- DEVOLUCIÓN

1.- Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente, por resolución firme, que tivera lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito sempre que este acto ou contrato non lle produciran efectos lucrativos e que se reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións ás que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato no producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a ningunha devolución.

2.- Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple achanzamento á demanda.

3.- Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase de acordo ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria esixirase o imposto dende logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de face-la oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

ARTIGO 12.- XESTIÓN DO IMPOSTO

1.- Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante este Concello, declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, contendo os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.

2.- Esta declaración deberá ser presentada nos seguintes prazos, a contar dende a data na que se produza o devengo do imposto:

a) Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano a solicitude do suxeito pasivo.

3.- Á declaración acompañaranse os documentos no que consten os actos ou contratos que orixinen a imposición.

ARTIGO 13.- LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO

As liquidacións do imposto notificaranse integramente ós suxeitos pasivos con indicación do

prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Poderase efectuar tamén autoliquidación polo suxeito pasivo. O sistema de autoliquidación levará consigo o ingreso da cota resultante da mesma nos seguintes prazos, a contar desde a data en que se produza o devengo do Imposto:

a) Cando se trate de actos ínter vivos, o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables até un ano a solicitude do suxeito pasivo.

A autoliquidación acompañarase dos documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición. A estes efectos, presentarase a seguinte documentación:

— Xustificación do valor do terreo na adquisición (escritura de compravenda da adquisición)

— Xustificación do valor do terreo na transmisión (escritura de compravenda da transmisión)

— En caso de transmisións lucrativas, recibo do Imposto de Sucesións e Doazóns

ARTIGO 14.- COMUNICACIÓN

Están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito impositivo nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a. Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 106 da Lei reguladora das facendas locais, sempre que se produciran por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b. Nos supostos contemplados na letra b) do devandito artigo, o adquirinte ou a persoa a favor da que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

ARTIGO 15.- INFORMACIÓN NOTARIAL

Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impositivo deste imposto con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado entendese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 16.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 17.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1), e catro votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Nº 1.4 Reguladora do Imposto sobre o incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº 1.3, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, momento no cal entrará en vigor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A COMPRA PÚBLICA DE ALIMENTOS DE PROXIMIDADE E O FOMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 19 de abril de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de abril, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A COMPRA PÚBLICA DE ALIMENTOS DE PROXIMIDADE E O FOMENTO DA

ECONOMÍA CIRCULAR NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

A crise da Covid 19 e a actual crise derivada da guerra de Ucraína con efectos sobre as materias primas, fontes de enerxía e combustibles para o transporte que se derivan en dificultades puntuais no abastecemento, cuestionan o actual modelo de crecemento baseado na explotación de recursos naturais e un mercado globalizado cun ostensible impacto no medio ambiente e a perda de biodiversidade. Unha economía lineal caracterizada por "extraer, fabricar, consumir e tirar". Debemos entender que este modelo económico está a dar serios indicios de esgotamento, o que nos advirte da necesidade de buscar fórmulas que transiten cara outro máis sustentable, baseado na economía circular a mobilidade sostible e o equilibrio territorial.

Neste senso, as administracións públicas van elaborando estratexias e plans, pero non sempre teñen o efecto desexado na vida cotiá. Aí os concellos xogan un papel determinante, para favorecer o impulso do que, moitas veces, se queda en boas intencións. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia supón unha boa oportunidade para que Concellos como o de Vilagarcía de Arousa se impliquen de maneira activa e así comezar a cumprir cos compromisos asumidos a través do Pacto de Alcaldías polo Clima e a Enerxía e o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES) entre cuxos obxectivos atópase o fomento da economía circular e unha economía verde e sostible e no que se indica que os sectores da agricultura e a silvicultura son os que teñen un maior risco ante o cambio climático.

Para isto, ademais da elaboración de plans e a implantación de medidas que baixen a teoría e as boas intencións ao concreto, a contratación e compra dende o sector público pode funcionar como unha ferramenta eficaz que tamén dinamizará a economía local. A propia Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector

Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) xa establece a obrigatoriedade de incluír criterios sociais e ambientais en toda contratación pública sempre que garden relación co obxecto do contrato (artigos 1.3 e 126.4), e no seu artigo 145.2 fai unha enumeración non exhaustiva de posibles criterios de calidade, ambientais e sociais, evitando, en todo caso, unha excesiva concreción ou o establecemento de relacións taxadas.

Igualmente, estas obrigacións concretáronse máis especificamente nos artigos 22.3 e 31.1 da recentemente promulgada Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética (LCCTE), cunha redacción adecuada á natureza e rango legal da norma que contén estes detalles, facendo mención á necesaria valoración caso a caso da concreta vinculación das medidas ao obxecto do contrato.

Por outra banda, a comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación, en sesión plenaria con data do 17/02/2021, aprobou con modificacións a proposición non de lei para promover a economía circular na alimentación. A disposición cuarta de dito texto dicía o seguinte: "Favorecer la compra pública de alimentos de proximidad o con certificación ecológica para potenciar o sector agroalimentario como un puntal del desarrollo rural. Se apoyará la incorporación de criterios que favorezcan en la contratación pública la compra de alimentos de proximidad y de certificación ecológica. Para ello el Gobierno impulsará una reforma de la Ley 9/2017 de contratos del sector público que favorezca la compra pública de alimentos de proximidad o con certificación ecológica, tanto en organismos de la Administración como de las comunidades autónomas, corporaciones locales de acuerdo con las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE. En esta reforma se incorporará la compra prioritaria de alimentos de proximidad o con certificación ecológica como uno de los posibles criterios medioambientales y sociales a considerar por los órganos de contratación para la evaluación de las ofertas."

Tamén a Xunta vén de anunciar o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia no que, segundo o anunciado, prevé incluír tamén "criterios sociais e ambientais para a compra pública verde de produtos, que priorizarán os producidos por cooperativas agrarias ou por organizacións con maioría de mulleres ou de persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión, así como os de proximidade". Sen embargo, é importante insistir na necesidade de que as leis vaian acompañadas de ferramentas que faciliten o seu desenvolvemento. Vemos que a pesar de que o Goberno do Estado aprobou a Lei da Cadea Alimentaria para evitar a venda a perda por parte do sector primario, entrando en vigor o pasado decembro, a Xunta de Galicia aínda non tomou medidas que favorezan a súa aplicación. Parece evidente que as institucións son conscientes da necesidade de adaptar as normativas

vixentes ás comunitarias e ao devir dos tempos que esixen unha maior responsabilidade ante unha situación de crise climática e de esgotamento de moitas das materias primas esenciais para o funcionamento das nosas economías e vidas tal e como as entendemos. Pero transitar cara a soberanía alimentaria requirirá de medidas que vaian máis alá da adaptación de normativas, cunha implicación activa e en profundidade das distintas institucións e unha concienciación da sociedade que

converta esta situación de crise en oportunidade para transformar este modelo de depredación nun modelo máis sostible, solidario, comunitario e inclusivo. O papel das entidades municipais e as economías locais é fundamental para acadar isto.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

- Elaborar unha estratexia de economía circular do Concello de Vilagarcía de Arousa que favoreza o consumo de produtos de proximidade e dinamice a economía local. Para a mesma propóñense os seguintes puntos (aínda que durante a súa elaboración poderán identificarse outros):

1. A inclusión de cláusulas sociais e ambientais na contratación pública que favorezan a economía circular e de proximidade.

2. Un estudo, xunto ás entidades que as xestionan, para a creación de comedores escolares saudables naqueles centros nos que os comedores non dependen da Xunta de Galicia.

3. A identificación daqueles establecementos de venda de produtos de proximidade e certificación verde no termo municipal e a súa promoción nun apartado da web do Concello. A creación dun selo específico.

4. A realización de campañas informativas, formativas e de marketing que favorezan o coñecemento e que fomenten a compra de produtos verdes e saudables, así como de tempada, entre a veciñanza. Estas campañas poderán realizarse nos establecementos que venden este tipo de produtos, como é o caso da Praza de Abastos.

5. A realización de actividades de promoción da economía circular e de proximidade, como ferias, showcooking, charlas, etc... en colaboración co tecido comercial e o sector primario vilagarcía.

6. Promover medidas que favorezan e protexan ao sector marisqueiro e agrogandeiro municipal e melloren o establecemento de canles de venda dos seus produtos.

- Asignar unha partida orzamentaria nos próximos orzamentos anuais para o inicio do desenvolvemento desta estratexia.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Aprobar unha Lei da calidade alimentaria de Galicia, durante este mesmo ano, que favoreza o establecemento de criterios sociais e ambientais que favorezan a compra pública de alimentos de proximidade ou con certificación ecolóxica para potenciar o sector agroalimentario como un puntal do desenvolvemento rural. A habilitación de mecanismos de control e seguimento da súa implantación, con especial atención e amparo ás entidades municipais para que contribúan e sexan parte do desenrolo.

- Crear partidas económicas propias dentro dos orzamentos plurianuais da CCAA de Galicia para desenvolver as estratexias e actuacións que se recollen nesta moción, ao ser competencias propias da Xunta tal como se recollen no artigo 148 da CE e nos art. 27 a art. 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, favorecendo o cumprimento das distintas normativas autonómicas, estatais e europeas e dando facilidades económicas ás entidades locais para o seu cumprimento.

- Aplicar criterios sociais e ambientais, favorecer a compra de produtos verdes e de proximidade nos comedores dos centros de ensino (comedores escolares saudables) e sociosanitarios situados en Vilagarcía de Arousa e dependentes da Xunta de Galicia.

- Á aplicación inmediata en Galicia da Lei de Cadea Alimentaria estatal que entrou en vigor o 16 de decembro de 2021, habilitando as medidas precisas para o seu desenrolo óptimo en Galicia.

Instar ao Goberno do Estado a:

- Realizar unha reforma da Lei 9/2017 de contratos do sector público que favoreza a compra pública de alimentos de proximidade ou con certificación ecolóxica, tanto en organismos da Administración como das comunidades autónomas, corporacións locais de acordo coas Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a compra pública de alimentos de proximidade e o fomento da economía circular no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta da seguinte emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE:

Engadir no primeiro parágrafo: "ou substituírse por outros", quedando do seguinte xeito:

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

- Elaborar unha estratexia de economía circular do Concello de Vilagarcía de Arousa que favoreza o consumo de produtos de proximidade e dinamice a economía local. Para a mesma propóñense os seguintes puntos (aínda que durante a súa elaboración poderán identificarse outros ou substituírse por outros):

Dáse conta da seguinte emenda de adición presentada polo grupo político municipal do BNG:

Engadir os seguintes apartados:

1º) Incentivar a compra de produtos locais e galegos coa etiquetaxe en galego.

2º) Opoñerse ás grandes áreas comerciais no noso municipio en determinadas zonas.

Pola Concelleira do grupo político Municipal de Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e o 1º apartado da emenda presentada polo grupo político municipal do BNG.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coas emendas aceptadas, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coas emendas aceptadas e:

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

- Elaborar unha estratexia de economía circular do Concello de Vilagarcía de Arousa que favoreza o consumo de produtos de proximidade e dinamice a economía local. Para a mesma propóñense os seguintes puntos (aínda que durante a súa elaboración poderán identificarse outros ou substituírse por outros):

1. A inclusión de cláusulas sociais e ambientais na contratación pública que favorezan a economía circular e de proximidade sempre e cando estean vinculadas ao obxecto do contrato.

2. Un estudo, xunto ás entidades que as xestionan, para a creación de comedores escolares saudables naqueles centros nos que os comedores non dependen da Xunta de Galicia.

3. A identificación daqueles establecementos de venda de produtos de proximidade e certificación verde no termo municipal e a súa promoción nun apartado da web do Concello. A creación dun selo específico.

4. A realización de campañas informativas, formativas e de marketing que favorezan o coñecemento e que fomenten a compra de produtos verdes e saudables, así como de tempada, entre a veciñanza. Estas campañas poderán realizarse nos establecementos que venden este tipo de produtos, como é o caso da Praza de Abastos.

5. A realización de actividades de promoción da economía circular e de proximidade, como ferias, showcookings, charlas, etc... en colaboración co tecido comercial e o sector primario vilagarcí.

6. Promover medidas que favorezan e protexan ao sector marisqueiro e agrogandeiro municipal e melloren o establecemento de canles de venda dos seus produtos.

- Asignar unha partida orzamentaria nos próximos orzamentos anuais para o inicio do desenvolvemento desta estratexia.

7 Incentivar a compra de produtos locais e galegos coa etiquetaxe en galego.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Aprobar unha Lei da calidade alimentaria de Galicia, durante este mesmo ano, que favoreza o establecemento de criterios sociais e ambientais que favorezan a compra pública de alimentos de proximidade ou con certificación ecolóxica para potenciar o sector agroalimentario como un puntal do desenvolvemento rural. A habilitación de mecanismos de control e seguimento da súa implantación, con especial atención e amparo ás entidades municipais para que contribúan e sexan parte do desenrolo.
- Crear partidas económicas propias dentro dos orzamentos plurianuais da CCAA de Galicia para desenvolver as estratexias e actuacións que se recollen nesta moción, ao ser competencias propias da Xunta tal como se recollen no artigo 148 da CE e nos art. 27 a art. 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, favorecendo o cumprimento das distintas normativas autonómicas, estatais e europeas e dando facilidades económicas ás entidades locais para o seu cumprimento.
- Aplicar criterios sociais e ambientais, favorecer a compra de produtos verdes e de proximidade nos comedores dos centros de ensino (comedores escolares saudables) e sociosanitarios situados en Vilagarcía de Arousa e dependentes da Xunta de Galicia.
- Á aplicación inmediata en Galicia da Lei de Cadea Alimentaria estatal que entrou en vigor o 16 de decembro de 2021, habilitando as medidas precisas para o seu desenrolo óptimo en Galicia.

Instar ao Goberno do Estado a:

- Realizar unha reforma da Lei 9/2017 de contratos do sector público que favoreza a compra pública de alimentos de proximidade ou con certificación ecolóxica, tanto en organismos da Administración como das comunidades autónomas, corporacións locais de acordo coas Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA UNS SERVIZOS FERROVIARIOS COMPETITIVOS, EFICIENTES E ÚTILES PARA AS PERSOAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, coa data de 20 de abril de 2022, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA UNS SERVIZOS FERROVIARIOS COMPETITIVOS EFICIENTES E ÚTILES PARA AS PERSOAS

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Vilagarcía de Arousa desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei de mobilidade sostible reconece na súa exposición de motivos que a mobilidade xoga un papel fundamental na vida das persoas. A facilidade de circulación non só favorece a liberdade de elección do lugar de residencia e o exercicio efectivo do dereito ao traballo, senón que tamén é fundamental o acceso a outros servizos públicos esenciais como a educación e a sanidade, así como o lecer e goce. tempo libre.

A actual crise enerxética e a escalada de prezos, o desafío climático e a saúde, ademais, esixen a adaptación dos modos de transporte cara a unha mobilidade limpa, menos vinculada ao uso do vehículo privado e, neste sentido, ao transporte ferroviario de viaxeiros Destaca como o máis modalidade de transporte colectivo público sostible.

A Unión Europea define este transporte como un servizo público de interese xeral, atribuíndolle un papel esencial na promoción da cohesión social e territorial, na mellora do benestardos cidadáns e na contribución ao desenvolvemento económico. Este recoñecemento como servizo de interese xeral impón aos prestadores, neste caso Renfe como operador do servizo, a obriga de prestar servizos específicos en determinadas condicións: cobertura territorial completa, niveis mínimos de calidade e a un prezo asequible.

É necesario que os investimentos públicos se centren no que xera maior valor social e por iso, nos últimos 20 anos, as administracións propietarias da rede ferroviaria en Galicia realizaron un notable esforzo investidor, que se viu reflectido na mellora das infraestruturas ferroviarias.

Esta mellora na rede interior de Galicia permitiu implantar os servizos ferroviarios declarados como Obriga de Servizo Público por acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, polo que se determina a competencia da Administración xeral do Estado e se indica que esta subscribirá un contrato con RENFE tanto para a liña de servizo de media distancia convencional Vigo A Coruña, como para a liña de servizo de media distancia de alta velocidade AVANT Ourense A Coruña.

Este modo de transporte de carácter público e de interese xeral coa promesa de velocidades e tempos moi competitivos supuxo unha oportunidade de relación entre cidades de tal xeito que se xeren dinámicas de emprego, crecemento económico e benestar para a poboación das áreas metropolitanas das cidades do eixo atlántico e destas con Ourense, mostrando actualmente un comportamento en cifras de pasaxeiros similar ás conexións de proximidade das grandes áreas urbanas de España.

A media distancia como forma de transporte público colectivo sostible e con velocidades competitivas pode e debe ser un elemento clave para que as cidades galegas e en especial Vilagarcía, con 37.677 habitantes e para a comarca do Salnés.

Os datos públicos dispoñibles para 2019 e 2020 sitúan a ruta A Coruña-Santiago-Vigo nunhas cifras de preto de dous millóns de pasaxeiros e cun incremento en torno ao 4% en 2019, sendo a cuarta ruta de media distancia de España en número de usuarios.

O aumento de usuarios e servizos non provocou que a rede ferroviaria galega presentase problemas de capacidade nin de saturación, tal e como reflicte o manual de capacidade AV de ADIF e ADIF 2019, así como no comunicado da Rede que recolle as circulacións do mesmo ano. Esta circunstancia permite aos operadores aumentar o número de servizos en caso de aumento da demanda.

Malia a oportunidade de emprego, benestar e cohesión social e territorial que prometen as infraestruturas e a prestación de servizos na modalidade de servizo público de media distancia, este Concello é consciente da necesidade de melloralo nas conexións interiores de Galicia. Así, hai que ter en conta dous feitos que modificaron a prestación deste servizo.

1. En primeiro lugar, a pandemia xerada como consecuencia do COVID-19, a declaración do primeiro estado de alarma, así como as sucesivas normativas que afectaron á mobilidade en xeral, provocaron unha drástica eliminación dos servizos que posteriormente foron recuperados, pero sen volver á oferta existente antes de marzo de 2020.

2. En segundo lugar, a posta en marcha do servizo AVE entre Madrid e Ourense. A existencia deste novo servizo supuxo un axuste dos servizos e conexións entre Ourense e o resto das cidades, realizado principalmente baixo a premisa de facilitar a conexión coa AVE a Madrid, pero sen ter en conta as necesidades dos usuarios. Galegos que utilizan o ferrocarril como medio de transporte para acudir aos seus lugares de traballo.

Ante esta situación, consideramos, para que a mellora dos servizos e infraestruturas ferroviarias de Galicia sexa unha oportunidade real para os galegos que se desprazan cara ou desde Vilagarcía, é necesario afondar na consideración do transporte ferroviario de viaxeiros como servizo público, e, en consecuencia, afondar na garantía de universalidade, accesibilidade e prestación en condicións económicas atractivas e accesibles para todos os usuarios, e en igualdade de condicións co resto dos territorios nacionais.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar aos titulares do servizo a:

- Recuperar os servizos eliminados como consecuencia da pandemia de Covid-19 e a chegada do AVE a Galicia e garántese o funcionamento dos servizos e conexións nos horarios acordados.

- Adaptar as frecuencias dos servizos Media Distancia e Avant de forma que se facilite a súa utilización no horario habitual de entrada e saída dos centros de traballo e estudos, tanto en quendas continuas como en quendas divididas.
- Tomar medidas para garantir apuntualidade e fiabilidade dos servizos Media Distancia e Avant.
- Avanzar nunha política tarifaria, adaptando o prezo das subscricións á realidade socioeconómica actual e mellorando a flexibilidade no seu uso.
- Manter unha oferta de servizos de media distancia en convivencia e non con prevalencia de servizos comerciais de longa distancia ou AVE que conectan a nosa Comunidade co resto da península.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de abril de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para uns servizos ferroviarios competitivos, eficientes e útiles para as persoas.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (4), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal do BNG (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

Instar aos titulares do servizo a:

- Recuperar os servizos eliminados como consecuencia da pandemia de Covid-19 e a chegada do AVE a Galicia e garántese o funcionamento dos servizos e conexións nos horarios acordados.
- Adaptar as frecuencias dos servizos Media Distancia e Avant de forma que se facilite a súa utilización no horario habitual de entrada e saída dos centros de traballo e estudos, tanto en quendas continuas como en quendas divididas.
- Tomar medidas para garantir apuntualidade e fiabilidade dos servizos Media Distancia e Avant.
- Avanzar nunha política tarifaria, adaptando o prezo das subscricións á realidade socioeconómica actual e mellorando a flexibilidade no seu uso.
- Manter unha oferta de servizos de media distancia en convivencia e non con prevalencia de servizos comerciais de longa distancia ou AVE que conectan a nosa Comunidade co resto da península.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE ACTUACIÓNS DE MELLORA NA CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E SEGURIDADE NA PRAIA DE A CONCHA-COMPOSTELA E NA SÚA

CONTORNA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 19 de abril de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de abril de 2022 a seguinte MOCIÓN:

Actuacións de mellora na conservación, mantemento e seguridade na praia de A Concha-Compostela e na súa contorna

EXPOÑEN

A praia de A Concha-Compostela é un espazo natural privilexiado na nosa cidade que durante anos foi unha referencia para toda España. Non en balde, desde finais do século XIX e ao longo do século XX, entrou a formar parte do itinerario de principais destinos turísticos da zona norte e incluso no seu día se fixo mención a esta praia no libro Maravillas de España.

A súa localización urbana e a proximidade da conexión ferroviaria fan que durante anos a principal praia de Vilagarcía veña recibindo verán tras verán a innumerables visitantes procedentes das comarcas do noso arredor e tamén moitos que veñen desde diferentes puntos da xeografía nacional. Uns visitantes que acoden á nosa cidade para desfrutar deste enclave que combina zona de baño, zona de espaxamento, zona deportiva e, máis recentemente, tamén un paseo que une Vilagarcía con Carril.

Dáse así mesmo a circunstancia de que o espazo da praia de A Concha-Compostela é compartido co sector marisqueiro de Carril, que conta con diversos parques de cultivo e zonas de marisqueo nas augas desta praia.

Durante os últimos anos, sen embargo, esa situación de esplendor que se retratou nas fotografías que ilustraban o libro Maravillas de España vén sufrindo unha progresiva reversión provocada, entre outras razóns, por algunhas intervencións artificiais que se fixeron neste espazo; así como polas deficiencias en materia de saneamento e moi especialmente pola insuficiencia das debidas labores de mantemento e conservación tanto no propio areal como nos espazos da súa contorna.

Uns problemas aos que habería que engadir, de xeito máis específico, unha das queixas que dun tempo a esta parte é a máis frecuente entre os usuarios da praia: a presenza da planta coñecida como “Cadillo” ou “Abrojo”. Unha especie vexetal invasora considerada nociva cuxa presenza perturba notablemente a actividade dos numerosos usuarios da praia: pincha as rodas das bicicletas, dana os pes descalzos e as patas dos cans, crávase nos zapatos, etc.

Por último, e segundo diversas informacións publicadas nos medios de comunicación, parece ser que supostamente o Concello de Vilagarcía ten trasladado á Dirección Xeral da Costa e o Mar a necesidade de acometer unha rexeneración integral da praia de A Concha-Compostela.

Por iso é polo que consideremos que ese proxecto non só debería elaborarse coa participación de tódalas partes implicadas (administracións e sector marisqueiro), senón tamén contemplar a solución aos referidos problemas específicos que sofre este areal e convertelo nun auténtico mar de Compostela que aproveite os beneficios dos Anos Xacobeos e ofrezca ao mesmo tempo unha oferta turística de calidade e desestacionalizada.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- 1.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que incremente, axilice e mellore as labores de mantemento e conservación na praia de A Concha-Compostela e na súa contorna.
- 2.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que poña en marcha medidas específicas e urxentes para erradicar definitivamente a planta coñecida como “Cadillo” ou “Abrojo” na contorna da praia de A Concha-Compostela.
- 3.- Instar ao goberno local de Vilagarcía e á Dirección Xeral da Costa e o Mar a que, na elaboración do proxecto de rexeneración integral da praia de A Concha-Compostela, teñan en conta a opinión do sector marisqueiro para continuar así garantindo a convivencia entre a actividade marisqueira e o uso lúdico dentro deste espazo.
- 4.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que informe e remita por escrito á Corporación a información correspondente ao proxecto previsto de rexeneración integral da praia de A Concha-Compostela, así como das demais actuacións complementarias tamén previstas.
- 5.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que informe e remita por escrito á Corporación a información correspondente ao estado das negociacións coa Dirección Xeral da Costa e o Mar

ao respecto do proxecto previsto de rexeneración integral da praia de A Concha-Compostela, así como das demais actuacións complementarias tamén previstas.
En Vilagarcía de Arousa, a 19 de abril de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre actuacións de mellora na conservación, mantemento e seguridade na Praia da Concha-Compostela e na súa contorna.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, seguinte:

- Engadir no apartado 4: "Que se informe aos voceiros dos grupos políticos municipais do contido do proxecto que se elabore para a rexeneración da praia A Concha-Compostela".
- Suprimir o apartado 5 da moción.

Polo grupo político municipal do PP aceptanse as dúas emendas presentadas polo grupo municipal do PSG-PSOE.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coas emendas aceptadas, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (4), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal do BNG

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- 1.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que incremente, axilice e mellore as labores de mantemento e conservación na praia de A Concha-Compostela e na súa contorna.
- 2.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que poña en marcha medidas específicas e urxentes para erradicar definitivamente a planta coñecida como "Cadillo" ou "Abrojo" na contorna da praia de A Concha-Compostela.
- 3.- Instar ao goberno local de Vilagarcía e á Dirección Xeral da Costa e o Mar a que, na elaboración do proxecto de rexeneración integral da praia de A Concha-Compostela, teñan en conta a opinión do sector marisqueiro para continuar así garantindo a convivencia entre a actividade marisqueira e o uso lúdico dentro deste espazo.
- 4.- Instar ao goberno local de Vilagarcía a que informe e remita por escrito á Corporación a información correspondente ao proxecto previsto de rexeneración integral da praia de A Concha-Compostela, así como das demais actuacións complementarias tamén previstas. Que se informe aos voceiros dos grupos políticos municipais do contido do proxecto que se elabore para a rexeneración da praia A Concha-Compostela.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DE DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELLEIRA DE URBANISMO, SOBRE O PROXECTO "MELLORA DA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DO CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS": Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 28 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP, coa data de 19 de abril de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de abril de 2022 a seguinte:

Solicitude de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto “Mellora de la seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos”

EXPOÑEN

Tras consultar o contido do proxecto técnico para a “Mellora da seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos” elaborado en marzo de 2019 baixo a dirección de Dona Lorena Otero, constatamos que varias das actuacións previstas neste proxecto poderían supoñer a perda de numerosas prazas de aparcamento nas diferentes rúas que compoñen o ámbito de actuación do referido proxecto. Sen embargo, o goberno local sostén que soamente se perderán 25 prazas de estacionamento.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

A comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, para responder ás seguintes preguntas en relación ao proxecto “Mellora de la seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos”:

1.- ¿Cantas prazas de aparcamento e/ou estacionamento se perderían a consecuencia da posta en marcha deste proxecto nas seguintes rúas?

- Rúa Fontecarmoa
- Rúa Xunqueira
- Avenida Doutor Tourón
- Avenida Matosinhos

2.- ¿Continúa mantendo as declaracións públicas realizadas por parte do goberno local nas que aseguraban que este proxecto suporía soamente a perda de 25 prazas de aparcamento?

3.- Nun comunicado enviado desde o goberno local aos medios de comunicación o pasado 12 de abril, sostían que os cálculos realizados por este grupo no relativo ao número de prazas de aparcamentos que se perderían con este proxecto “non coinciden nin cos do goberno, nin co dos técnicos, nin moito menos cos da realidade”. ¿Cales son entón os cálculos realizados por parte do goberno e dos técnicos? ¿Por qué nesa nota non argumentaron a súa postura ofrecendo as cifras reais derivadas dese cálculo?

4.- ¿Considera que sigue mantendo a súa vixencia un proxecto que foi elaborado en 2019 e que se porá en marcha en 2022 cando tantos cambios se teñen producido na fisionomía de Vilagarcía e co número de prazas de aparcamento que se perderon ao longo destes anos?

5.- ¿A “marcación dun paso peatonal segregado” na Rúa Fontecarmoa ten previsto permitir unicamente o acceso aos garaxes ou se permitirá algún tipo de aparcamento/estacionamento?

6.- ¿A introdución dun carril bidireccional segregado na Rúa Xunqueira permitirá o estacionamento/aparcamento en liña como ata o de agora?

7.- Unha vez introducido o carril bici segregado e ampliadas as beirarrúas no tramo de subida da Rúa Xunqueira cara Doutor Tourón, ¿considera que hai suficiente espazo para que convivan ao mesmo tempo e sen problema a circulación de vehículos, as prazas de aparcamento/estacionamento, as beirarrúas ampliadas e o carril bici?

8.- ¿Cree vostede que as “técnicas de urbanismo táctico” previstas coa creación dun “espacio estancial” fronte ó acceso ao EEl Vagalume cumprirán as características propias de este tipo de planificación urbanística? A saber: baixo custo, pequena escala, rapidez na execución, reversibilidade e participación cidadá na toma de decisións.

9.- ¿En base a qué criterio considera que a eliminación das zonas de aparcamento a partir do número 5 no tramo de beirarrúa impar da Avenida Matosinhos (tal e como recolle o proxecto) devolverá a “dignidade” a esa liña de fachadas? ¿Supón esta afirmación un recoñecemento implícito de que actualmente ditas fachadas son “indignas”?

10.- ¿Considera asumible, dada a progresiva e obxectiva perda de aparcamentos en Vilagarcía durante os últimos anos, a eliminación do aparcamento actualmente existente na intersección da Avenida Doutor Tourón e a Avenida Matosinhos?

11.- ¿Por qué a pesar de que o proxecto fala abertamente da substitución deste aparcamento por "un pequeno parque urbano" non contabiliza vostede esas máis de 17 prazas no suposto cómputo total de 25 manifestado publicamente?

12.- ¿Por qué no nome do proxecto e nas diferentes manifestacións públicas realizadas por parte do goberno local soamente fan referencia aos camiños escolares seguros e non mencionan en ningún momento a introdución dun carril bici?

13.- ¿Nalgún momento ten previsto manter algún tipo de xuntanza ca veciñanza do barrio, co persoal dos centros educativos e coas familias dos/as estudantes para abordar este proxecto?
En Vilagarcía de Arousa, a 19 de abril de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

Por unanimidade das persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais presentes na Comisión Informativa informase favorablemente a comparecencia da Concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto "Mellora da Seguridade e accesibilidade do Camiño Escolar Seguro aos centros do entorno de Matosinhos".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a a comparecencia da Concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto "Mellora da Seguridade e accesibilidade do Camiño Escolar Seguro aos centros do entorno de Matosinhos", que se levará a cabo no próximo pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- INTERPELACIONES OU CONTROL DAS DECISIONS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- MOCIONES PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPALES POR RAZONS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACION MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

- En primeiro lugar respondense as preguntas formuladas no pleno anterior.
- As preguntas formuladas no presente pleno responderanse no próximo pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas asistentes como público non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220428&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.